

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE

Algunhas reflexións sobre a autonomía universitaria

U + Reportaxe P4-8

Muller e universidade: unha carreira de fondo

ENTREVISTA

Ana Jesús López Díaz

DIRECTORA DA OFICINA PARA A IGUALDADE DE XÉNERO



U + Centros P9

A UDC renova os cargos nos decanatos e direccións de dezaseis centros

U + Transferencia P10

ENTREVISTA

Bertha Guijarro
COORDINADORA DO CITIC

“Os centros de transferencia son un gran eixo de relación universidade-empresa”



U + Empresa P11

Abeconsa

A aposta pola investigación e a innovación como investimento de futuro

U + Entrevista P12

María Jesús Freire
OBSERVATORIO OCUPACIONAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

“O título universitario segue a ser unha garantía para acadar un bo posto de traballo”



U + Estudantado P13

O Fondo Social da UDC, unha garantía para a igualdade de oportunidades no acceso á universidade

U + Profesionais P14

Marta Bobo

EX XIMNASTA
PROFESORA DA FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA

“O éxito do INEF é que a xente da alta competición entendeu o mundo universitario”



U + Actualidade P15

Asinado o protocolo que da luz verde á primeira residencia universitaria en Ferrol
O reitor fai balance do seu primeiro ano á fronte da Universidade da Coruña

U + Excelencia P16

Luis Fernández Rodríguez

REPRESENTANTE DA UDC E DIRECTOR DA ÁREA DE TRANSFERENCIA DO CAMPUS DO MAR

Acceso á universidade e igualdade de oportunidades

Xosé Luís Armesto
REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Existen dúas vías principais para garantir a igualdade no acceso á universidade: uns prezos de matrícula baixos ou nulos (caso de Suecia) ou unha política de bolsas eficaz (caso de Noruega).

O Real Decreto-lei 14/2012 de 20 de abril de medidas urxentes de racionalización do gasto público fixou os prezos de matrícula para os aproximar gradualmente ao custo de prestación do servizo. Neste marco, a maioría das comunidades autónomas subiu drasticamente as matrículas: o resultado foi que no Estado os graos encarecéronse de media un 17% e os mestrados un 60%. É de xustiza recoñecer, e agradecer, que a Xunta de Galicia non subise as matrículas.

O gasto en bolsas no Estado foi só o 0,11% do PIB, fronte ao 0,29% da media dos países da OCDE. Os criterios académicos para acceder ás bolsas do Ministerio de Educación modificáronse e, en dous cursos,

incrementouse nun 30% a nota esixida para optar a unha bolsa de estudos.

En resumo: suba das matrículas e endurecemento das esixencias académicas para acceder ás bolsas.

As consecuencias destas decisións políticas xa as estamos a ver: incremento dos impagos de matrículas e abandono dos estudos por razóns económicas. É preocupante como na Universidade Complutense esta situación afectou arredor de 5.000 estudantes; na UDC a 300 estudantes este curso, fronte aos 80 do pasado. Estes resultados eran previsíbeis: estaban na base do rexeitamento unánime do Real Decreto por parte do Claustro da UDC o ano pasado. Ante esta situación, a nosa universidade ampliou a catro os prazos para o pagamento da matrícula, e dotou un fondo de 15.000 euros para axudas aos estudantes en situación de dificultade



económica sobrevida. Para o próximo curso reorganizaremos as axudas para priorizar aspectos sociais, e tentar contribuír a paliar esta situación.

No canto de favorecer o acceso ao ensino superior en igualdade de oportunidades, o goberno español está a sentar as bases dunha selección estritamente económica: encamiñanos cara unha sociedade menos igualitaria, menos cohesionada, menos xusta.

Residencia universitaria

Araceli Torres Miño
VICERREITORA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL

Na UDC cremos na eficacia do ensino superior público como motor da mobilidade social ascendente e pensamos que a educación é a mellor política social. Temos a favor desta interpretación un aliado: a sociedade española, que vén reiterando en sucesivas enquisas a súa valoración preferente da universidade entre o conxunto das institucións.

Queremos preservar o dereito de acceso á universidade en condicións de igualdade facilitando os nosos recursos para os que máis o necesitan. Mais para poder seguir prestando un servizo de calidade precisamos contar cun financiamento adecuado e a realidade é que a día de hoxe temos un orzamento inferior ao ano 2008. É por iso que de maneira reiterada vimos demandando un financiamento

público suficiente e sostible co fin de seguir impulsando a cohesión social e contribuír ao desenvolvemento do noso país.

Neste contexto faise indispensable a vontade de colaboración entre institucións e na nosa cidade temos experiencia dabondo, pois foi no ano 1992 cando o Concello de Ferrol rexido por Manuel Couce Pereiro puxo a disposición da UDC, dirixida polo reitor Meilán Gil, as instalacións do antigo Hospital de Esteiro, cedido en 1990 polo Ministerio de Defensa ao concello para o seu destino a usos universitarios.

Xa pasaron máis de 20 anos desde aquela e queremos seguir medrando para dotarmos dos servizos que a sociedade nos demanda. Nuns días, a Xunta de Galicia, o Concello de Ferrol e a Universidade da Coruña van



asinar un protocolo para a incorporación de distintos edificios públicos ao uso universitario. Neste protocolo contémpase, entre outras accións, o uso temporal do antigo edificio Soutomaor como residencia universitaria. Este centro, que estaba en desuso, permitíranos en tanto non se desbloquee o convenio que nos permita executar a residencia universitaria no Sánchez Aguilera e mentres que a Consellería de Benestar non o precise para cubrir as súas necesidades, ofertar algunhas prazas de aloxamento a prezos públicos, o que sen dúbida é un servizo social.

INFORMACIÓN E SUXESTIÓNS

comunicacion@udc.es
www.udc.es

@UDC_gal

www.facebook.com/udc.gal

EDITA

Universidade da Coruña
REITORÍA
RÚA DA MAESTRANZA 9
15001 A CORUÑA
TEL. 981 167 000 EXT. 1047
comunicacion@udc.es

COORDINACIÓN, TEXTOS E FOTOGRAFÍA:

Gabinete de Comunicación

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:
Servizo de Normalización Lingüística

DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Sistema Diseño

DEPÓSITO LEGAL:
C 2038-2009

Impreso en papel 100% ecolóxico.



Algunhas reflexións sobre a autonomía universitaria

Antonio Abril Abadín

PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE



O artigo 27.10 da Constitución Española de 1978 (*'Dereito á educación'*), establece que *"se recoñece a autonomía das universidades, nos termos que a lei estableza"*. Pola súa banda, os artigos 20.1, b) e c) recoñecen o dereito á produción científica e á liberdade de cátedra, conformando un necesario marco de garantías constitucionais protector da universidade ante calquera tentación de inxerencia externa ideolóxica ou/e política.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, indica expresamente no seu artigo 2.2 que: *"A actividade da universidade, así como a súa autonomía, fundaméntanse no principio de liberdade académica, que se manifesta nas liberdades de cátedra, de investigación e de estudo. A autonomía universitaria esixe e fai posible que docentes, investigadores e estudantes cumpran coas súas respectivas responsabilidades, en prol da satisfacción das necesidades educativas, científicas e profesionais da sociedade, así como que as universidades rendan contas do uso dos seus medios e recursos á sociedade"*.

O Tribunal Constitucional pronunciouse en diversas sentenzas sobre o dereito fundamental á autonomía universitaria, vinculándoa e fundamentándoa no respecto ás liberdades de investigación e de cátedra fronte a calquera inxerencia externa: *"Xa dixemos en anteriores sentenzas que a finalidade esencial do dereito á autonomía universitaria reside na tutela das liberdades académicas: de ensino, de investigación e de estudo (STC 103/2001). Trátase de garantir, na súa dobre vertente individual e colectiva, a liberdade de ciencia. A autonomía universitaria é a dimensión institucional da liberdade académica para garantir e completar a súa dimensión persoal, constituída pola liberdade de cátedra"* (STC 75/97).

Pero con igual reiteración veu fixando os límites ao seu exercicio: *"Este dereito fundamental é un daqueles cuxa configuración se define á lei, segundo anuncia o artigo 27.10 da Constitución. Corresponde, pois, ao lexislador delimitar e desenvolver esa autonomía, determinando e recoñecendo ás universidades as potestades necesarias para garantir a liberdade académica (...). A autonomía universitaria non é un dereito ilimitado que pode condicionar ou imposibilitar as decisións que lles corresponde adoptar ao Estado ou ás comunidades autónomas para a determinación e organización do sistema universitario no seu conxunto e en cada caso singularizado(...)"* (STC 106/1990, 187/1991 e 155/1997). *"Pero mesmo aquí (dereito a fixar o que debe ser*

ensinado, estudado e investigado), o dereito á autonomía universitaria non é absoluto senón que encontra o seu límite na fixación, polo Estado, da bagaxe indispensable de coñecementos que se deben alcanzar para obter cada un dos títulos oficiais e con validez en todo o territorio nacional" (STC 103/2001) *"a autonomía -de estricta configuración legal- non está máis que ao servizo da liberdade académica no exercicio da docencia e a investigación..."* (STC 47/2005).

Aínda que a formulación teórica da autonomía universitaria e a súa vinculación ás liberdades de investigación e de cátedra é clara e ninguén dubida do seu valor e necesidade, na práctica converteuse no tema de debate que condiciona a necesaria reforma universitaria española, como o proba o feito de que, tras a recente presentación do informe da Comisión de Expertos para a Reforma do Sistema Universitario Español titulado *'Propostas para a reforma e mellora de calidade e eficiencia do sistema universitario español'*, dous dos devanditos expertos formulan unha addenda particular por *"a súa posible vulneración do contido esencial do dereito á autonomía"*.

Durante anos, o pretendido respecto da autonomía universitaria foi a escusa que esgrimiu a sociedade española para non asumir as súas responsabilidades na conformación dunha universidade esixente e excelente nos seus sistemas de xestión, goberno e financiamento, consentíndose un sistema endoxámico en que a defensa de intereses corporativos baleirou de contido o principio indubidable, tantas veces invocado como pouco cumprido, de que a universidade non é propiedade dos seus profesores, investigadores ou alumnos, senón da sociedade. Non é culpa da universidade a situación actual, porque a ninguén se lle pode pedir que sexa cirurxián de si mesmo, senón daqueles que, desde a súa recoñecida falta de confianza e apoio á educación en xeral e á universidade en particular, consentiron que se confundía autonomía con soberanía para xustificar a súa pasividade e falta de decisións para dotar a universidade española dos medios normativos, de organización e financeiros que a nosa sociedade precisa, ata o punto de ser evidente que entre as causas da actual situación da economía española están a escasa achega das universidades, malia o seu meritório esforzo na transmisión de coñecementos e investigación, á cultura do emprendemento e á promoción das competencias profesionais, e a debilidade da súa terceira misión ou posta en valor produtivo do seu coñecemento e investigación.

A análise detallada dos argumentos duns e doutros expertos excedería o alcance deste artigo, pero si se pode afirmar, xa *ab initio*, que sorprende que se diga na addenda dos profesores Alzaga e Urrea, nesta altura de desenvolvemento do estado de dereito en España, que só a situación de profesor funcionario respecta a garantía constitucional que comporta a liberdade de cátedra, de modo que unha desfuncionarización progresiva do profesorado poñería en risco a independencia investigadora e docente dos profesores, cuestionando a liberdade de ciencia, ou que un órgano de goberno como o Consello da Universidade, previsto no informe da comisión de expertos (e que substituiría os actuais consellos de goberno e consellos sociais), poida ser inconstitucional polo simple feito de que a súa representación social constituía unha minoría determinante, e iso aínda recoñecendo a doutrina do Tribunal Constitucional, na súa desafortunada sentenza 26/1987, cando afirma que *"a comunidade universitaria non pode quedar subordinada en materias estritamente académicas -distinto tema son os asuntos de xestión e goberno- a un órgano coa composición que ten o Consello Social, é dicir, unha participación maioritaria dos intereses sociais"*. Pero non diciamos que a universidade é da sociedade, que a autonomía se recoñece nos termos que a lei estableza e que os consellos sociais son órganos de goberno universitarios que representan precisamente a sociedade?

Ao final o que importa é a excelencia das nosas universidades e, en termos do repetido informe de expertos e tamén do *'Audacia para chegar máis lonxe: universidades fortes para a España do mañá (2011)'* da comisión de expertos internacionais Tarrach: *"O sistema universitario español require unha profunda reforma para cumprir axeitadamente con dúas tarefas: a formación da mocidade e a xeración de novas ideas e coñecemento. Os órganos de goberno universitario, sobre todo nas universidades públicas, son moitos e con demasiados membros; como resultado, os procesos de toma de decisión son longos, custosos e pouco eficientes. Por outra parte, a propia regulación actual do SUPE é excesiva, o que resta autonomía e eficacia ao goberno universitario. É desexable, polo tanto, mellorar e axilizar o proceso de rendición de contas e a profesionalidade da xestión"*.

É responsabilidade de todos cumprir ese obxectivo garantindo as liberdades de cátedra e investigación.



Muller e universidade: unha carreira de fondo

Hai xa máis dun século que as primeiras mulleres comezaron a acceder ás aulas universitarias e desde hai máis de 30 anos son maioría no alumnado. Un acceso xeneralizado á educación superior que representou un dos grandes fitos do século XX e que exemplifica os froitos da loita pola igualdade. Porén, non é momento aínda de cantarmos vitoria. Hai moito camiño percorrido, pero queda moito por percorrer, tendo en conta que este marco de equidade nas aulas non se corresponde en absoluto co que acontece no eido profesional. Os cargos de responsabilidade e os postos de maior categoría seguen a estar en mans de homes maioritariamente, unha inercia que é necesario revertir non só para garantirmos o dereito lexítimo das mulleres a acadaren as súas metas, senón tamén para aproveitarmos ao máximo o gran capital de coñecemento e cualificación que poden achegar á sociedade.

A universidade, como máximo expoñente da formación e xeración de coñecemento, é unha das institucións onde máis necesario é loitar pola paridade. E nesa liña está traballando arreo a Universidade da Coruña, con iniciativas e actuacións de carácter continuo e transversal, que se canalizan a través de ferramentas e entidades como a Oficina para a Igualdade de Xénero, creada en 2006 co obxectivo de impulsar as transformacións necesarias para avanzar neste eido tanto nas tarefas docentes, científicas e administrativas como na formación do estudiantado na cultura da igualdade.

Como ben sabe o persoal docente e investigador da UDC, para actuar sobre unha realidade cómpre coñecela ben. Así se reflicte no exhaustivo estudo titulado *Diagnóstico sobre a igualdade de xénero na UDC*, desenvolvido pola Oficina para a Igualdade de Xénero, no que se reflicten os progresos acadados nos últimos anos xunto coas fendas en que é necesario seguir traballando.

En primeiro lugar, neste informe sinalase que a presenza feminina no estudiantado de graos e títulos sen adaptar ao EEES acadou o 50,2% o pasado curso. Onde xa comezan a variar as cifras significativamente é na distribución por áreas científicas, con algunhas moi feminizadas, como é o caso da de ciencias da saúde, cun 82%, ou artes e humanidades, co 70%. A incorporación foi masiva tamén en áreas de ciencias

sociais e xurídicas, que xa superan o 60% e moito máis tímida nas enxeñarías, en que o predominio segue a ser masculino e as mulleres apenas superan o 30%. No entanto, nos últimos anos apréciase un crecemento lento pero continuo nas carreiras técnicas, con especial incidencia en Arquitectura.

O rendemento académico tamén reflicte datos máis que significativos, que abranguen desde a duración media dos estudos, con 5,3 anos de media nas mulleres fronte aos 5,7 anos dos varóns, ata as cualificacións. Nos aprobados a porcentaxe é practicamente a mesma, ao redor do 33%, mais en notable, sobresaliente e matrícula de honor as mulleres superan os homes, mentres que a situación se inverte no caso dos suspensos e non presentados. Esta tendencia obsérvase tamén cando se fala de excelencia académica, cun 68% de mulleres que acadou o premio de fin de carreira.

Tamén as mulleres superan a paridade na distribución de matrícula de posgrao, co 61%, e dominan en todos os mestrados, fundamentalmente nos relacionados con ciencias da saúde e artes e humanidades. Ao elevarmos o rango cara aos programas de doutoramento, as porcentaxes equilibranse no 50% para cada un dos colectivos, pero medra ata rozar o 55% nas lecturas de teses.

Os datos falan por si mesmos canto á presenza e rendemento das mulleres nas aulas universitarias. Unha situación que despois non ten consonancia ningunha co que ocorre no eido laboral. A directora do Observatorio Ocupacional da Universidade da Coruña, María Jesús Freire, sinala que tocante ao rango profesional as mulleres tituladas da UDC maioritariamente acadan contratos como empregadas, mentres que os varóns acceden a máis postos técnicos e mandos intermedios. "Aínda que ambos os xéneros traballan normalmente nos eidos en que estudaron, as mulleres acaban chocando co teito de cristal que as separa tanto en posto de traballo como en salario", sinala a experta, que no caso dos soldos destaca que os homes superan no 18% ás mulleres. Unha fenda que tamén se fai patente no tempo de espera para acadar o primeiro emprego, pois as diferenzas entre homes e mulleres chegan a superar os doce meses.

Persoal docente e investigador

No eido do persoal docente e investigador da UDC o grao de paridade é moito menor que no ámbito do estudiantado, aínda que foi medrando desde o curso 1998-1999, no que as mulleres rozaban o 30%. Actualmente representan máis do 35% do total, cunha distribución paritaria nas distintas áreas científicas que se rompe nas enxeñarías e a arquitectura, onde os varóns constitúen o 83%. Existen departamentos claramente feminizados, como é o de filoloxía inglesa, con máis dun 66% de mulleres, o de química analítica, con máis do 76% e o de pedagogía e didáctica, co 69%.

Afondando nunha análise da distribución por categoríaponse de manifesto unha clara segregación vertical cunha proporción moito menor de mulleres nos postos máis altos da carreira universitaria. Así, na UDC só un 12,4% das cátedras está ocupado por mulleres e é moi baixa a presenza de mulleres como coordinadoras de grupos de investigación ou directoras de teses de doutoramento, aínda que o éxito na consecución de sexenios é similar ao dos homes. Esta asimetría entre a representación masculina e feminina queda tamén reflectida na análise das categorías de PDI doutor con vinculación permanente, onde só o 36,6% son mulleres fronte a un 63% de homes. Por outra parte, a presenza feminina é extremadamente baixa nos cargos tales como decanatos ou direccións de departamento.

Persoal de administración e servizos

O persoal de administración e servizos (PAS), con case un 70% de mulleres, é o colectivo máis feminizado da comunidade universitaria coruñesa, situación común á de todas as universidades públicas do Estado, pero só se corresponde co PAS funcionario, con máis do 77%, no que o predominio feminino é xeral en todas as categorías, incluída a A1, que é a máis alta. A tendencia cambia no PAS laboral, en que a porcentaxe descende ata o 39%.

Nos consellos de dirección tamén existe un predominio masculino, mais a situación está evolucionando. No caso do Consello Social produciuse un incremento ata chegar ao 27% de presenza feminina, mentres que no Claustro, máximo órgano de representación da comunidade universitaria, a porcentaxe supera o 43%. Finalmente, no Consello de Goberno a presenza das mulleres medrou un 8,9% entre os anos 2004 e 2011.

Ferramentas

O órgano principal que canaliza as políticas de igualdade da Universidade da Coruña é a Oficina para a Igualdade de Xénero, que ten como misión acadar a plena incorporación das mulleres á vida política, cultural e científica no seo da UDC e lograr unha actividade docente e discente, investigadora e laboral máis igualitaria, o cal impida calquera manifestación de discriminación por razón de xénero.

Nesta liña, a oficina promove estudos, desenvolve actividades de difusión e sensibilización, e fomenta a formación e investigación en temas de xénero. A súa función é tamén impulsar accións que garantan condicións igualitarias para o acceso e promoción de mulleres e homes na actividade docente, investigadora, laboral e representativa da UDC e, en xeral, servir de observatorio de situacións de xénero nesta universidade. Conta cun consello asesor que permite implicar nas súas actividades toda a comunidade universitaria, e está integrado pola directora e representantes do consello de goberno, o persoal docente e investigador, o estudiantado e o persoal de administración e servizos.

A Universidade da Coruña tamén conta co Centro de Estudos de Xénero e Feministas, un espazo de investigación de carácter aberto onde teñen cabida todas aquelas persoas que desenvolven liñas investigadoras en materia de xénero e/ou feminismo. Está composto por profesorado que leva anos traballando nestes ámbitos con traxectorias xa consolidadas e tamén por persoas que inician o seu percorrido na área do xénero. Nútrese de disciplinas que levan décadas incluíndo a perspectiva de xénero no seu desenvolvemento e por outras cuxa incorporación é moito máis recente. É tamén un espazo de formación, encontro e diálogo en permanente contacto coa realidade social máis próxima.

Iniciativas

Ao longo do curso desenvólvense na Universidade da Coruña numerosas actividades académicas e divulgativas, de carácter multidisciplinar, enfocadas ao fomento da igualdade de oportunidades, do desenvolvemento profesional e académico das mulleres, ben como á concienciación da sociedade en xeral e da comunidade universitaria en particular, sobre a necesidade de seguirmos afondando nestas políticas.

ALGUNHAS DAS PROPOSTAS MÁIS DESTACADAS

I Xornada Universitaria Galega en Xénero: Conta coa participación da UDC, a través da Oficina para a Igualdade de Xénero, e tivo lugar os días 20 e 21 de xuño en Santiago de Compostela baixo o título Roles de xénero en tempos de crise. Esta iniciativa xorde co fin de crear un punto de encontro, reflexión e debate para o persoal docente e investigador dedicado e preocupado pola investigación en xénero.

Mulleres nas Bibliotecas da UDC: Esta mostra bibliográfica expúxose nos campus da Coruña e Ferrol, centrada nas mulleres que traballaron e traballan nos distintos eidos da ciencia, a cultura, a tecnoloxía e arte, e que se organizou con motivo do Día da Muller.


Muller no Ámbito da Educación Superior: Organizado polo Grupo de Arquitectura e Urbanismo Sustentable-Mulleres Arquitectas de Galicia (GAUS-MAGA) e a Facultade de Socioloxía, este encontro achegou unha análise comparativa entre arquitectas e outras profesionais, estudando as experiencias en distintas responsabilidades e profesións.

As Mulleres Cambiando o Mundo: Estas xornadas estiveron organizadas polo equipo de Socioloxía das Migracións para conmemorar o Día Internacional da Muller. No encontro analizouse o papel das mulleres en diferentes eidos como a acción social e o voluntariado, alén dos movementos feministas na cidade da Coruña ou dos problemas como a violencia contra as mulleres.


Elas fan Tech: Trátase dun ciclo residencial no espazo de intervención cultural da UDC, Normal, no que unha serie de artistas españolas e internacionais exploraron as posibilidades expresivas dos medios tecnolóxicos na súa obra. Este ciclo constou dunha exposición, ademais de conferencias de artistas e expertas sobre a relación das mulleres coa tecnoloxía.

Xénero, Actividade Física e Deporte: A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña vai xa pola cuarta edición deste ciclo, no que se analiza o papel da muller neste eido a través de representantes de primeira liña, expertas e docentes e investigadoras.


Lingua e Xénero: No marco das Xornadas sobre Lingua e Usos, que anualmente organiza o Servizo de Normalización Lingüística da UDC, abórdouse, dun xeito plural e multidisciplinar, o binomio lingua-xénero. As actas están dispoñibles na páxina web <http://www.udc.es/snl>.




ALUMNADO DE GRADOS E TITULACIÓN SEN ADAPTAR AO EEES, CURSO 2011 / 2012




DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO POR SEXO NO CAMPUS DA CORUÑA, CURSO 2011 / 2012




DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO POR SEXO NO CAMPUS DE FERROL, CURSO 2011 / 2012




DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO DE NOVO INGRESO NOS MESTRADOS DA UDC, CURSO 2011 / 2012.




ALUMNADO QUE LEU A TESE DE DOUTORAMENTO, CURSO 2010 / 2011.




DISTRIBUCIÓN DO PDI, CURSO 2011 / 2012.




CATEGORÍA DE PDI PERMANENTE DOUTOR/A, CURSO 2011 / 2012.




PREMIO EXTRAORDINARIO DE FIN DE CARRERA, CURSO 2010 / 2011.




COORDINACIÓN DE GRUPOS DE INVESTIGACIÓN 2012.




DISTRIBUCIÓN DE HOMES E MULLERES NO PAS FUNCIONARIO. CURSO 2011/2012



DISTRIBUCIÓN DE HOMES E MULLERES NO PAS LABORAL. CURSO 2011/2012



HOMES E MULLERES NOS DECANATOS E DIRECCIÓNS DOS CENTROS, ANO 2012.



A opinión da comunidade universitaria

Universidade & Sociedade Blogpaper



Editorial P2

Xosé Luís Armesto
Araceli Torres Miño

Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-8

Muller e universidade

U + Centros P9

Novos decanos

U + Transferencia P10

Bertha Guijarro

U + Empresa P11

Abeconsa

U + Entrevista P12

María Jesús Freire

U + Estudantado P13

Fondo Social UDC

U + Profesionais P14

Marta Bobo

U + Actualidade P15

U + Excelencia P16

Luis Fernández Rodríguez

PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E
SERVIZOS

Beatriz Regueira Guntín

DIRECTORA DA BIBLIOTECA DA ESCOLA
POLITÉCNICA SUPERIOR



Cal é a súa valoración sobre o nivel de igualdade de oportunidades no contorno universitario?

Creo que na actualidade existe un estancamento xeneralizado. A elección dunha carreira universitaria segue a ser unha decisión de xénero: hai carreiras femininas e carreiras masculinas. Despois de moitos anos de incorporación da muller á universidade, non vexo que a igualdade chegase plenamente ás cátedras, postos directivos, etc. Desde logo que a universidade é unha institución cunha filosofía igualitaria, pero creo que existen sutís sesgos sociais persistentes que impiden que a igualdade aflore con plenitude neste contexto favorable.

Veuse afectada ou coñeceu algún caso de discriminación por razón de xénero na súa vida profesional?

Nunca presenciei un caso deste tipo na miña carreira como bibliotecaria. Non vin que ningún home saíse perxudicado por pertencer a unha profesión tradicionalmente feminina. Tampouco ningunha muller.

Cre que a paridade é máis doada de acadar cando o acceso ao posto de traballo é por oposición?

Se entendemos a oposición como un sistema obxectivo, por suposto que si. Canta máis obxectividade hai nos procesos selectivos, menos sesgo de xénero ou de

ESTUDANTADO

Marta Sánchez Curros

DIPLOMADA EN CIENCIAS EMPRESARIAIS
ESTUDANTE DO MASTER DE XESTIÓN E
POLÍTICAS PÚBLICAS DA UDC



Cal é a súa valoración sobre o nivel de igualdade de oportunidades no contorno universitario?

Penso que o home ten sempre un maior estatus. Por exemplo nos departamentos, a maioría dos directores son homes e contan cunha maior proxección. As directoras só son mulleres cando os departamentos están moi feminizados. Como alumna, como na miña titulación somos maioría de mulleres nótase menos. Pero cando comecei os meus estudos notábase moito máis.

Veuse afectada ou coñeceu algún caso de discriminación por razón de xénero na súa vida universitaria?

Hoxe en día o cambio xeracional xa se está notando e o trato á muller estudante mudou. Antes víanse actitudes máis negativas, nalgún caso paternalistas e incluso abertamente discriminatorias.

Cre que a súa formación universitaria servirlle para equipararse ao home no mercado laboral?

Non. nunca. Xamais, porque o home sempre estará mellor posicionado e valorado no contorno laboral. A educación que lles estamos a dar aos nosos fillos é basicamente a mesma, dámoslles unha educación totalmente sexista e estereotipada desde que nacen. Seguimos funcionando cos mesmos roles.

PERSONAL DOCENTE INVESTIGADOR

Carolina Núñez Puente

PROFESORA CONTRATADA DOUTORA.
FACULTADE DE FILOLOXÍA. DPTO. DE
FILOLOXÍA INGLESA



Cal é a súa valoración sobre o nivel de igualdade de oportunidades no contorno universitario?

Habería que empezar recoñecendo que a igualdade entre mulleres e homes non existe en case ningún ámbito da sociedade. Moitas persoas da "sociedade occidental" teñen dificultades para recoñecer dita desigualdade e, por ende, poder eliminala. Por iso, resúltanos doado identificar o velo musulmán como un símbolo de opresión á muller e non vemos "a tiranía da talla 38" (Mernissi). O contorno universitario tamén se ve afectado polas ideas e actitudes patriarcais que predominan na sociedade, por exemplo o "teito de cristal". O feito de que esta revista dedique un número especial á muller é sintomático de que hai un problema. Ou acaso alguén se imaxina un número sobre "o home e a universidade"?

Veuse afectada ou coñeceu algún caso de discriminación por razón de xénero na súa vida universitaria?

Si, coñecín casos de discriminación a mulleres en diversos contornos, incluído o universitario. É certo que, na miña profesión, ata onde eu sei, non nos discriminan en canto ao soldo como fan noutras empresas onde as mulleres cobran menos por facer o mesmo traballo. Sen embargo, a discriminación non só se da no terreo do tanxible. Como apuntaba antes, tamén se discrimina mediante actitudes

calquera outro tipo se produce. Estudos sociolóxicos mostran que existe a tendencia a infravalorar os currículos asinados por investigadoras. Inconscientemente esíxeselles máis a elas. É necesario obxectivar ao máximo posible os distintos procesos selectivos.

Cre que a conciliación familiar segue a ser un obstáculo para acadar a plena igualdade na consecución dos obxectivos profesionais?

Sen ningunha dúbida. Os datos oficiais mostran que as mulleres que traballan fóra da casa dedican moitas máis horas ao traballo doméstico e coidado da familia que os homes. As reducións de xornada, incluso o abandono de postos de traballo para dedicarse ao coidado da familia, seguen sendo, maioritariamente, cousa delas. Non podemos negar que, profesionalmente falando, esta é unha vantaxe para eles. A situación agrávase en época de crise: cando hai recortes no soporte social, tamén son as mulleres as que asumen esa carga que en épocas de bonanza, en parte, asimilaba o Estado. Pero, ao meu modo de ver, o máis grave é que a desigualdade percíbese socialmente como un problema case superado.

Cre que a conciliación familiar segue a ser un obstáculo para acadar a plena igualdade na consecución dos obxectivos profesionais?

Si, sen dúbida. Porque o home é capaz de evadirse e deixar aparcado o contorno familiar e a muller nunca será capaz de facer iso. Cando se fala de conciliar é porque existe un conflito, que segue a ser patrimonio das mulleres. E logo ter que afrontar o sentimento de culpa porque segue parecendo que para unha muller o triunfo na vida laboral implica sempre unha renuncia familiar. A nosa é a función reprodutiva e o home sae a cazar. E así seguimos desde as cavernas.


patriarcais no día a día. Ditas actitudes materialízanse tanto na linguaxe que utilizamos (p.ex. coñazo), como no trato interpersoal ou en dar máis valor a unhas materias e liñas de investigación que a outras (p.ex. a literatura de autoría feminina e os estudos de xénero parecen ser menos importantes que as literaturas canónicas e outro tipo de estudos académicos). É fundamental recoñecer isto para poder cambiar as cousas.

Cre que camiñamos cara a paridade no contorno dos PDI ou segue a haber diferenzas en canto a rango e prestixio profesional?

Esta pregunta contén palabras contradictorias entre si: paridade, rango e prestixio. Como xa dixen, non creo que exista unha igualdade total nin de oportunidades nin de trato entre os xéneros. Nunha sociedade patriarcal como a nosa que actualmente tende á multiculturalidade, os homes brancos, heterosexuais, de clase media, etc, están no máis alto da xerarquía. Consecuentemente, na maioría dos casos, ditos homes acaban ocupando os postos máis altos do ránking universitario. Tamén é verdade que no sector de PAS hai máis mulleres que no sector de PDI -Por qué será?- Finalmente, para min, rango e prestixio non son o mesmo: porque relaciono o último con ser bo ou boa docente, bo ou boa investigadora e bo ou boa compañeira.

Cre que a conciliación familiar segue a ser un obstáculo para acadar a plena igualdade na consecución dos obxectivos profesionais?

En primeiro lugar, si o é. Na "sociedade occidental" a maioría das persoas que traballan a tempo parcial son mulleres. Como se demostrou en estudos de campo, fano así para dedicarlle máis tempo ás súas familias e/ou porque non se lles da a oportunidade de obter outros traballos. Con referencia ao sector de PDI, coñezo casos en que elas van a menos congresos ou acurtan as estancias de investigación debido ás súas dificultades para conciliar a vida familiar coa laboral. En segundo lugar, debemos abordar a cuestión polo principio; é dicir, hai que empezar por establecer a paridade no ámbito familiar para poder llevala ao profesional -como di o lema feminista, "o persoal é o político" (Hanisch). É curioso que cando un home di ocuparse das tarefas domésticas moitas persoas reaccionan con estrañeza. Sen embargo, isto debería ser o normal, a casa e a familia tamén son deles.





Editorial P2

Xosé Luís Armesto
Araceli Torres Miño

Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-8

Muller e universidade

U + Centros P9

Novos decanos

U + Transferencia P10

Bertha Guijarro

U + Empresa P11

Abeconsa

U + Entrevista P12

María Jesús Freire

U + Estudantado P13

Fondo Social UDC

U + Profesionais P14

Marta Bobo

U + Actualidade P15

U + Excelencia P16

Luis Fernández Rodríguez

“A discriminación pode non ser visible e agocharse baixo formas sutís”

Ana Jesús López Díaz

DIRECTORA DA OFICINA PARA A IGUALDADE DE XÉNERO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Cales son as iniciativas máis destacadas en que están traballando actualmente?

Quizais o máis destacado sexa a elaboración do plan de igualdade, logo de que en febreiro presentamos o estudo Diagnóstico sobre a Igualdade de Xénero na UDC que nos serve de base para o seu deseño. En paralelo colaboramos en distintas iniciativas, como xornadas ou exposicións, con profesorado da UDC e doutras universidades.

De que xeito cre que as políticas de igualdade están contribuíndo a equilibrar a balanza entre ambos os sexos?

Hai un exemplo moi significativo: antes do ano 2010, cando entrou en vigor na nosa universidade o regulamento electoral que establece un equilibrio de xénero nas candidaturas, a presenza de mulleres no Claustro non superaba o 28%. Na actualidade temos unha representación do 43%.

É o ámbito universitario un escenario fértil para facer calar as políticas de igualdade?

Pois non o teño moi claro. Na universidade tendemos a pensar que o sexismo e algo propio doutras profesións. Pénsase que como custa tanto traballo académico chegar, unha vez que se accede estase á marxe de criterios sexistas, que só contan os méritos. Porén, a realidade é moito máis complexa: non se fala do teito de cristal, non nos paramos a analizar os datos obxectivos de porcentaxes de mulleres nos cargos académicos ou nos postos máis altos da carreira universitaria, nin do equilibrio entre a vida familiar e laboral, nin de que sexismo non é só que non che

dean un posto por seres muller. Tamén é ter que renunciar á túa vida persoal, á maternidade, por exemplo, por conseguir unha meta profesional. Por iso ás veces non se comprenden, ou incluso se rexeitan, certas políticas como as accións positivas; as malchamadas “cotas”...

Desde o seu departamento vostede advertiu de situacións graves de vulneración de dereitos da muller ou discriminación por razón de sexo?

Non, pero convén termos presente que as discriminacións por razón de xénero existen na maioría das colectividades aínda que non sempre se teña conciencia diso. A discriminación pode non ser visible e agocharse baixo formas sutís, en procesos que en aparencia parecen neutros mais que acaban producindo un resultado negativo e prexudicial para un colectivo.

Vostede traballa no ámbito universitario. Que consello daría ao profesorado e ás familias das nenas e nenos que aínda se atopan nos primeiros niveis educativos para seren educados en igualdade?

Pois un consello moi fácil de dar pero bastante máis difícil de aplicar: que tenten romper cos estereotipos de xénero; que inculquen en nenas e nenos que non hai profesións de homes nin profesións de mulleres; que tanto eles como elas poden practicar os mesmos deportes, as mesmas actividades, estudar as mesmas carreiras e aspiraren a ser xefes ou xefas, presidentes ou presidentas... Mais para iso, o ideal sería que pais e nais, profesoras e profesores déramos exemplo, compartindo tarefas, coidados e responsabilidades.

Desde a oficina tamén promoven a investigación no eido do xénero. Cales son os estudos máis destacados nesta materia?

Nestes tempos de crise e recortes non temos medios suficientes para poder promover grandes proxectos ou estudos e decidimos centrarnos en apoiar aquelas iniciativas que levan a cabo distintos grupos, axudando na divulgación de resultados ou na organización de xornadas. Cómpre sinalar que no catálogo de grupos de investigación da UDC aparecen oito grupos con liñas de investigación en temas de xénero, políticas de igualdade, mulleres e/ou feminismo. A maioría pertence ás áreas das ciencias sociais e xurídicas e humanidades. Non quero citar ningún en concreto porque todos eles desenvolven a súas investigacións con notable éxito, mais tamén existen outros grupos ou persoal de investigación a nivel individual en áreas como a enxeñaría e a arquitectura, as ciencias da saúde ou as ciencias do deporte que levan a cabo estudos de xénero integrados dentro dun marco máis amplo de investigación.

Como directora desta oficina, cal é o seu gran reto para acadar en materia de xénero?

Mellor sermos realistas e irmos formulando pequenos retos. O primeiro, sen lugar a dúbidas, é que esta universidade teña o seu primeiro plan de igualdade. E unha vez aprobado ese plan conseguir que se vaian cumprindo un por un os obxectivos que se establezan nos distintos eixes de actuación... Que non é pouco!





A UDC renova os cargos nos decanatos e direccións de dezaseis centros

A Universidade da Coruña viviu recentemente unha importante remuda na dirección dos seus centros, como resultado dun proceso electoral no que un total de dezaseis centros renovaron os seus decanos e directores, así como os responsables de trinta e un departamentos. Tras as eleccións tivo lugar o acto de toma de posesión, presidido polo reitor da UDC, Xosé Luís Armesto, quen animou os nomeados e nomeadas a seguiren traballando pola defensa da universidade pública, un traballo complexo nestes tempos de crise, para concluír que “entre todos cumpriremos coa misión que nos ten encomendada a sociedade e faremos da Universidade da Coruña unha universidade mellor”.

A primeira quenda do proceso tivo lugar en tres centros: na Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, en que se presentou como candidato Ignacio Colominas Ezponda; na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, onde resultou elixido Pedro Fernando Nogueira López fronte a Eduardo Pinedo Iglesias; e na Facultade de Fisioterapia, en que se presentou Ramón Fernández Cervantes.

Na segunda sesión as eleccións foron na Escola Politécnica Superior, con Alberto Ramil Rego como único candidato; na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas, á cuxa dirección se presentou Álvaro Baaliña Ínsua; na Facultade de Ciencias, con Moisés Canle López; na Facultade de Ciencias da Saúde, con Sergio Eduardo Santos del Riego; e na Facultade de Enfermaría e Podoloxía, con Nuria Varela Feal como candidata.

Na terceira quenda as eleccións desenvóléronse nos seguintes centros: Escola Universitaria Politécnica, con Manuel Ángel Graña López como candidato; Facultade de Ciencias da Comunicación, en que se presentou José Juan Videla Fernández; Facultade de Ciencias do Traballo, en que saíu elixido Moisés Alberto García Núñez fronte a Manuela del Pilar Santos Pita; Facultade de Dereito con José Manuel Busto Lago elixido fronte a Juan Ferreiro Galguera; Facultade de Filoloxía, onde se presentou María Jesús Lorenzo Modia; Facultade de Humanidades, con Manuel José Recuero Astray como candidato; e Facultade de Informática, onde foi elixido Luís María Hervella Nieto fronte a Santiago Rodríguez Yáñez. Finalmente,

na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física resultou elixido Xurxo Dopico Calvo fronte a Juan José Fernández Romero.

DECANATOS E DIRECCIÓNS DE CENTROS

- Alberto Ramil Rego, Escola Politécnica Superior
- Ignacio Colominas Ezponda, Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
- Álvaro Baaliña Ínsua, Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas
- Pedro Fernando Nogueira López, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
- Manuel Ángel Graña López, Escola Universitaria Politécnica
- Moisés Canle López, Facultade de Ciencias
- José Juan Videla Rodríguez, Facultade de Ciencias da Comunicación
- Sergio Eduardo Santos del Riego, Facultade de Ciencias da Saúde
- Xurxo Dopico Calvo, Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física
- Moisés Alberto García Núñez, Facultade de Ciencias do Traballo
- José Manuel Busto Lago, Facultade de Dereito
- Nuria Varela Feal, Facultade de Enfermaría e Podoloxía
- María Jesús Lorenzo Modia, Facultade de Filoloxía
- Ramón Fernández Cervantes, Facultade de Fisioterapia
- Manuel José Recuero Astray, Facultade de Humanidades e Documentación
- Luís María Hervella Nieto, Facultade de Informática

DIRECCIÓNS DE DEPARTAMENTO

- M^a Isabel Novo Corti, Análise Económica e Administración de Empresas (Facultade de Economía e Empresa)
- Felipe Louzán Lago, Ciencias da Navegación e da Terra (ETS de Náutica e Máquinas)
- Francisco Alonso Tajés, Ciencias da Saúde (Facultade de Enfermaría e Podoloxía)
- José Ramón Soraluce Blond, Composición (ETS de Arquitectura)
- Valentín Balbino Souto García, Construcións Arquitectónicas (ETS de Arquitectura)
- Miguel Angel Pérez Álvarez, Dereito Privado (Facultade de Dereito)
- Jaime Rodríguez-Arana Muñoz, Dereito Público Especial (Facultade de Dereito)

- Angel Santiago Fernández Castro, Economía Financeira e Contabilidade (Facultade de Economía e Empresa)
- Elena Sierra Palmeiro, Educación Física e Deportiva (Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física)
- Carlos J. Escudero Cascón, Electrónica e Sistemas (Facultade de Informática)
- José Antonio Orosa García, Enerxía e Propulsión Mariña (ETS de Náutica e Máquinas)
- Ginés Nicolás Costa, Enxeñaría Industrial II (Escola Politécnica Superior)
- Begoña Crespo García, Filoloxía Inglesa (Facultade de Filoloxía)
- Jesús Miguel Muñoz Cantero, Filosofía e Métodos de Investigación en Educación (Facultade de Ciencias da Educación)
- Sonia Souto Camba, Fisioterapia (Facultade de Fisioterapia)
- Manuel Reyes García Hurtado, Humanidades (Facultade de Humanidades e Documentación)
- Carlos María Agrasar Cruz, Medicina (Facultade de Ciencias da Saúde)
- Manuel Casteleiro Maldonado, Métodos Matemáticos e de Representación (ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos)
- Jurjo Torres Santomé, Pedagogía e Didáctica (Facultade de Ciencias da Educación)
- José Felipe Peña Pereda, Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo (ETS de Arquitectura)
- Eduardo Pásaro Méndez, Psicoloxía (Facultade de Ciencias da Educación)
- Antonio Valle Arias, Psicoloxía Evolutiva e da Educación (Facultade de Ciencias da Educación)
- Purificación López Mahía, Química Analítica (Facultade de Ciencias)
- Arturo Santaballa López, Química Física e Enxeñaría Química I (Facultade de Ciencias)
- Jesús José Fernández Sánchez, Química Fundamental (Facultade de Ciencias)
- María Inés Pernas Alonso, Representación e Teoría Arquitectónica (ETS de Arquitectura)
- Santiago Míguez González, Socioloxía e Ciencia Política da Administración (Facultade de Socioloxía)
- Javier Estévez Cimadevila, Tecnoloxía da Construción (ETS de Arquitectura)
- Bernardino Arcay Varela, Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (Facultade de Informática)

Editorial P2

Xosé Luís Armesto
Araceli Torres Miño

Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-8

Muller e universidades

U + Centros P9

Novos decanos

U + Transferencia P10

Bertha Guijarro

U + Empresa P11

Abeconsa

U + Entrevista P12

María Jesús Freire

U + Estudantado P13

Fondo Social UDC

U + Profesionais P14

Marta Bobo

U + Actualidade P15

U + Excelencia P16

Luis Fernández Rodríguez



Os centros de transferencia son fundamentais para canalizar a relación entre a universidade e a empresa

Bertha Guijarro

COORDINADORA DO CITIC (CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS DA UDC)

Cal é o seu diagnóstico sobre o nivel investigador do CITIC?

O CITIC naceu en 2008, coa vocación de darlle apoio á transferencia da investigación que se viña facendo na Facultade de Informática da UDC, que conta con grupos de investigación moi relevantes cunha traxectoria sólida de máis de 20 anos como avalan os seus resultados tanto no ámbito nacional como no internacional. De feito, máis da metade deles están catalogados como grupos de referencia competitiva do sistema universitario galego. Queremos ser un punto de encontro entre as empresas e a universidade para abrir novas oportunidades de colaboración, xa que detectamos que había moitas empresas que tiñan interese por contactar con grupos de investigación, mais non sabían moi ben como canalizalo. Deste xeito o CITIC agrupa máis de 280 investigadoras e investigadores das TIC e facilita non só que as empresas interesadas accedan á oferta de I+D+i a través dun único órgano, senón tamén que nós poidamos dar a coñecer o noso traballo de xeito proactivo.

Cre que a existencia do CITIC fai da Coruña unha referencia na I+D+i ao redor das TIC?

Sen dúbida o CITIC é hoxe unha referencia en transferencia de investigación. Cada vez é máis coñecido no contorno empresarial e cada vez recibimos máis peticións para establecer colaboracións. A proba máis recente son as dez solicitudes presentadas ao Programa FEDER-INNTERCONNECTA 2013 de Galicia por máis de 1,5 millóns de euros e nos que están implicadas 22 empresas de diferentes sectores. Ademais, a nosa solvencia investigadora vén avalada pola propia Facultade de Informática, que conta co persoal investigador máis relevante da comunidade galega.

Como está estruturado o CITIC?

A estrutura do CITIC foi deseñada en áreas tecnolóxicas e non en grupos de investigación propiamente ditos, para así podermos abarcar proxectos de envergadura que poidan implicar distintos grupos de xeito transversal, e cruzando distintas liñas de investigación en función das necesidades do proxecto. En total contamos con doce áreas tecnolóxicas dedicadas a ofreceren solucións tecnolóxicas con aplicación en calquera ámbito.

Cales son as fórmulas de achegamento á empresa que se empregan para acadar a máxima colaboración mutua?

No CITIC establecemos unha relación bidireccional. En ocasións son as empresas as que se poñen en contacto connosco na busca dunha solución tecnolóxica. No entanto, tamén o CITIC é proactivo neste sentido e desenvolve diferentes accións para dar a coñecer a súa oferta, a cal abrangue desde xornadas para fomentar a relación universidade-empresa ou encontros bilaterais con que dar a coñecer as nosas capacidades en propostas de innovación, ata cursos como o de xestión de proxectos, que xa vai pola súa terceira edición e conta cun grande éxito de participación. Tamén tentamos participar en proxectos promovidos por diferentes administracións vinculados á innovación. En definitiva, procuramos ser moi activos traballando desde numerosas fronteas.

Cre que o tecido produtivo galego, formado maioritariamente por pemes, é un hándicap á hora de acadar o máximo rendemento da transferencia de tecnoloxía das universidades ás empresas?

É certo que as universidades en principio impoñen certo respecto ás empresas e esa interacción non está tan desenvolvida en Galicia como noutras comunidades, mais coído que o necesario achegamento entre estes dous mundos se consegue precisamente con centros como este. O feito de que as empresas saiban que dentro da universidade existen órganos que se dedican exclusivamente á transferencia de tecnoloxía e que van prestar o servizo e a atención que precisan, facilita bastante esta tarefa de achegamento. As empresas teñen que saber que existen oportunidades interesantes para elas se colaboran coa universidade, e non todas o saben aínda.

Cales son os principais retos pendentes?

O primeiro captar máis recursos para a investigación e incrementar os proxectos de transferencia en relación coas empresas. Hai que ter en conta que levamos apenas catro anos de actividade a pleno rendemento e temos moito camiño percorrido, pero aínda queda moito por percorrer. Por exemplo, outro dos nosos obxectivos é conseguirmos proxectos que impliquen varias liñas de investigación, porque dese xeito podemos

acceder a proxectos de moita maior envergadura e de carácter multidisciplinar e multitemático. Outro reto importante en que estamos a traballar é a mellora da internacionalización. A situación é boa no que se refire a estadias de investigación en institucións internacionais do persoal investigador do CITIC ou en colaboracións con investigadores estranxeiros, pero é mellorable no que se refire á captación de fondos. Neste sentido, tamén se produciron importantes avances no ano 2013 coa recente participación do CITIC en cinco solicitudes a convocatorias europeas de financiamento nas que esperamos acadar éxito.

Cales pensa que son os motivos polos que o camiño cara á paridade nas TIC é se cadra máis lento que noutros sectores?

É certo que no ámbito das TIC, como ocorre na maioría dos sectores, as mulleres non chegan a acadar o mesmo nivel en postos de responsabilidade que os homes, coa particularidade neste caso de que o problema está xa na base, porque nas facultades de Informática segue a haber moi poucas mulleres. No caso da UDC supoñen só o 16% do estudiantado. Con eses niveis é imposible acadar despois unha paridade no eido laboral.

Por que hai tan poucas mulleres nas aulas de Informática?

De entrada xa as mulleres tenden menos a escoller carreiras técnicas. Quizais sexa por unha cuestión de herdanza cultural ou pola imaxe estereotipada que se ten dos informáticos, que non se corresponde para nada coa realidade.

Como muller e experta en TIC, sufriu algunha vez unha situación de discriminación por razón de xénero na súa traxectoria profesional?

En xeral nunca me sentín discriminada abertamente. De feito, manteño unha relación constante co contorno empresarial e valoran moito o traballo que desenvolven as mulleres especialistas en tecnoloxía, e mesmo opinan que deberíamos ser moitas máis. Fóra do meu ámbito de traballo quizais si segue sorprendendo que unha muller se dedique a isto.



Abeconsa

A aposta pola investigación e a innovación como investimento de futuro

A empresa Abeconsa, pertencente ao grupo Fomento de Iniciativas, é unha construtora galega especializada na obra civil e edificación, tanto privada como pública, en toda España e especialmente en Galicia, que fixo unha importante aposta pola I+D+i, establecendo lazos de investigación coa Universidade da Coruña, a través de distintos grupos de investigación, como fórmula de diferenciación fronte a competencia e co fin de achegar valor aos clientes. "Investigamos para construír, construímos para innovar" é o lema que preside esta liña estratéxica da empresa, que ten como filosofía avanzar na innovación e proporcionar know-how á sociedade, sobre todo nuns momentos como os actuais, en que cómpre formular a innovación como investimento de futuro.

Entre os proxectos de investigación desenvolvidos en colaboración coa UDC destaca o realizado por un equipo de investigadores pertencente á Escola Técnica Superior de Arquitectura, denominado COTaCERO. Trátase dun sistema construtivo que suporá un importante avance na execución de obras en altura, partindo da idea orixinaria dunha tese de doutoramento desenvolvida por tres profesores do departamento de Construción da ETSAC, Víctor Hermo, Juan Bautista Pérez Valcárcel e José Benito Rodríguez Cheda.

Grazas a este sistema poderanse executar edificacións de varias plantas desde a cota "0", é dicir, desde o nivel do terreo, sen necesidade de elevar maquinaria nin persoal. O xerente de Abeconsa, José Luis Molina, indica que este deseño

desenvolvido polos investigadores da UDC suporá para a construtora grandes vantaxes. A primeira, e máis importante, vincúlase á seguridade laboral, xa que os operarios non terán que traballar en altura, o que reduce drasticamente os riscos de accidente. Tamén destaca a redución de medios mecánicos e auxiliares como guindastres e estadas, o cal reduce o impacto visual e tamén os custos grazas a un menor gasto en material e a tempos de execución máis curtos. En concreto, o doutor Víctor Hermo calcula nun 50% a redución dos tempos de execución e nun 30% os seus custos.

Outro dos proxectos máis salientables dos desenvolvidos por Abeconsa xunto coa Universidade da Coruña é a denominada análise estrutural e hidrodinámica do dique flotante instalado na Área Náutico Deportiva de Marina Coruña. Para a realización deste traballo a construtora asinou un convenio de colaboración co Grupo de Enxeñaría da Auga e do Medio Ambiente da UDC, coordinado polo profesor de Enxeñaría Portuaria Enrique Peña. Esta investigación partiu da análise do comportamento do dique construído por Abeconsa no citado porto deportivo, o que supuxo unha complexa obra de enxeñaría marítima, xa que se trata do maior dique flotante de Europa para instalacións deportivas. Un dos elementos máis destacados desta colaboración é que na investigación tamén se estudan as características da costa coruñesa e das demais costas galegas como escenario para a instalación de diques flotantes, analizando as alturas de onda e outras variables.

O equipo de investigación deste proxecto, cofinanciado pola Xunta de Galicia a través dunha subvención para I+D, está formado por persoal altamente cualificado, que traballa na busca de resultados que serán moi útiles para todo o sector de portos deportivos. A investigación desenvólvese en dous centros da UDC: na Escola Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, e no Centro de Innovación Tecnolóxica en Investigación e Enxeñaría Civil (CITEEC).

Os diques flotantes son estruturas de protección que teñen neste tipo de dársenas unha das súas aplicacións máis habituais, e neste sentido o interior das rías galegas constitúe un contorno idóneo para a súa instalación. Por tanto, este proxecto ten unha clara compoñente de investigación aplicada, xa que os seus resultados non só serán útiles para futuros deseños e proxectos de diques flotantes que execute Abeconsa, senón tamén para o sector en xeral. De feito, os resultados poderían ser transferidos a través de informes técnicos ás administracións portuarias máis importantes do sector, caso de Portos do Estado, Portos de Galicia, as autoridades portuarias da comunidade, xunto co resto do sector privado de consultoría e construción.





María Jesús Freire Seoane

DIRECTORA DO OBSERVATORIO OCUPACIONAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

“O título universitario segue a ser unha garantía para acadar un bo posto de traballo”

Editorial P2

Xosé Luís Armesto
Araceli Torres Miño

Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-8

Muller e universidades

U + Centros P9

Novos decanos

U + Transferencia P10

Bertha Guijarro

U + Empresa P11

Abeconsa

U + Entrevista P12

María Jesús Freire

U + Estudantado P13

Fondo Social UDC

U + Profesionais P14

Marta Bobo

U + Actualidade P15

U + Excelencia P16

Luis Fernández Rodríguez

A profesora da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña, María Jesús Freire Seoane, quizais sexa a persoa que mellor coñece os avatares no mundo laboral que viven os titulados e tituladas que cada ano conclúen os seus estudos. É a directora do Observatorio Ocupacional da UDC, organismo que naceu co obxectivo de analizar, entre outros moitos asuntos, a evolución do alumnado egresado, así como manter o contacto deste colectivo coa comunidade universitaria.

Os últimos datos do informe de inserción laboral do Observatorio Ocupacional corresponden ao ano 2011. Cales son os aspectos máis destacados?

Fundamentalmente observamos que o nivel de inserción laboral caeu moitos puntos porcentuais debido á crise da economía española e do mercado de traballo, aínda que o efecto é maior nunhas titulacións que noutras. As que mellor resisten son as técnicas e tecnolóxicas. Certo que se observa paro neste colectivo, cousa que antes non ocorría, mais a porcentaxe dificilmente acada os dous díxitos e quédase como máximo no 9%. As que máis sofren a crise son as chamadas popularmente “de letras”, e tamén está afectando bastante o paro nas de ciencias xurídico-sociais. Porén, albíscanse nichos de mercado interesantes para algunhas destas titulacións, o cal pasa pola súa especialización en tecnoloxías da información e a comunicación. Con todo, nalgúnhas titulacións a porcentaxe de caída acada o 10% respecto a cursos anteriores.

Como valora o nivel da UDC en termos de inserción en relación co resto das universidades do Estado?

O nivel é bo, porque está nun 2% por enriba da media das universidades españolas en inserción laboral. Un dos motivos principais é precisamente a importante proporción de titulacións técnicas e tecnolóxicas que temos na Universidade da Coruña.

Un dos aspectos que máis preocupa aos mozos e mozas tituladas é o tempo medio para acadaren o primeiro emprego. Onde se sitúan os valores no último estudo?

É un dato que varía moito dunhas titulacións a outras. Nalgúnhas non acada un ano, como é o caso das tecnolóxicas,

noutras como as de ciencias sociais chega ata catorce meses e noutras como as de letras o tempo pode alongarse ata os dous anos. Tamén existe un caso especial, que é o das titulacións de ciencias da saúde, sen apenas paro e con períodos de busca de emprego bastante curtos. Ocorre que nestes empregos aínda que o salario é bastante alto os contratos adoitan ser menos estables (normalmente de substitución ou por quendas).

Conflúen normalmente o rango dos postos laborais e a cualificación?

En xeral si. Por volta do 60% dos titulados e tituladas da UDC están traballando en postos técnicos, aínda que existe unha diferenza importante canto a xénero. As mulleres maioritariamente están como empregadas, mentres que os varóns acceden máis a mandos intermedios.

No estudo tamén se analiza a evolución das persoas que acadaron o seu título hai catro e seis anos. Cal foi a súa evolución?

Evidentemente hai moita máis xente empregada, con postos de maior responsabilidade e mellor remunerados. Tamén observamos que a súa visión do seu paso pola universidade é moi boa.

Observan porcentaxes significativas de retorno ás aulas?

Existe unha porcentaxe bastante importante de persoas que regresan á universidade, normalmente entre os diplomados que volven para facer a licenciatura e, nos graduados, hai quen opta por seguir formándose en mestrados ou en programas de especialización.

Aumentou o número de titulados e tituladas que optan por marchar a outros países?

A porcentaxe segue a ser moi baixa. Na última análise apenas acada o 2%. Estes valores poden significar que aínda segue a haber un oco laboral para os titulados e tituladas en España. Ademais, as súas miras sempre están a priori no terreo máis próximo. O 78% trata de buscar emprego primeiro na Coruña ou Ferrol e provincia. O resto búscalo en Madrid, Barcelona ou tamén Asturias.

Aínda que o desemprego afecta tamén ao sector universitario, as diferenzas seguen a ser moi altas en relación con estudos medios?

A diferenza entre mozos e mozas co mesmo rango de idade segue a ser moi alta. O título universitario segue a ser a certificación con máis peso para acceder ao emprego e acadar maiores salarios.

Ou sexa, que a formación superior si serve, e moito.

Evidentemente. É indiscutible que as elites de todos os sectores profesionais proceden da educación superior. O título sempre é unha garantía e si é certo que hai paro, mais noutras sectores con outros tramos educativos a situación é moito peor. Penso que a UDC en concreto está a facer un grande esforzo por modernizarse en todos os campos vinculados á formación dos futuros profesionais.

Un dos eidos en que máis está traballando a UDC é o fomento do emprendemento. Como están actualmente as estatísticas?

Nos últimos tres informes observamos que o nivel do emprendemento aumenta e ademais por enriba dos valores do resto de universidades españolas. A porcentaxe de profesionais autónomos ou emprendedores acada o 10%. De todos os xeitos, penso que en Galicia necesitamos con urxencia un libro branco sobre emprendemento. Que os mozos e mozas coñezan os nichos de mercado, como acceder ás axudas para emprender e que teñan máis claras as súas perspectivas.

Metodoloxía

Os estudos que desenvolve o Observatorio Ocupacional implican moito tempo e custo, porque as entrevistas ao alumnado se realizan titulación por titulación, coa dificultade engadida de que nas que teñen poucos graduados e graduadas a metodoloxía obriga a entrevistar toda a promoción. Dese xeito acádase resultados moi rigorosos, cunha mostra que acada as 1.200 entrevistas por ano.



O Fondo Social da UDC, unha garantía para a igualdade de oportunidades no acceso á universidade

“Entendemos que é necesaria e urxente a concesión de axudas extraordinarias na situación actual atendendo á necesidade de preservar a forma prioritaria a igualdade de oportunidades ao estudiantado para acceder á educación superior”. Así explicaba o reitor da Universidade da Coruña, Xosé Luís Armesto, os motivos que levaron ao seu equipo a crear o denominado Fondo Social para Estudiantes, que está dotado con 115.000 euros. Estas axudas darán continuidade ás medidas de apoio iniciadas xa no pasado mes de maio cunha partida de 15.000 euros para o estudiantado da UDC en situación de dificultades sobrevidas, e para as que se atenderon 19 das 29 solicitudes presentadas.

Axudas á matrícula

O fondo social ten como obxectivo prioritario garantir o acceso aos estudos universitarios e inclúe medidas tanto económicas como académicas, encamiñadas a apoiaren a consecución do título académico tanto no campus da Coruña como no de Ferrol. En primeiro lugar, destinaranse axudas á matrícula do estudiantado en situación económica desfavorable, tendo en conta para a súa adxudicación criterios económicos e tamén académicos. Con respecto á convocatoria de axudas para o alumnado en situación económica sobrevida iniciada xa este curso, manterase aberta ao longo de todo o ano académico próximo, e poderán solicitala aquelas alumnas e alumnos que, nun momento dado, se vexan nunha situación de urxencia que lles impida aboar a matrícula.



Pagamentos fraccionados

O reitor explicou tamén que estas axudas, ás que a Universidade da Coruña fai fronte tras un importante esforzo de reordenación dos recursos existentes, inclúen como novidade o pagamento fraccionado da matrícula en casos especiais. A UDC xa puxera en marcha este curso a ampliación do número de prazos de aboamento da matrícula a catro, mais para o vindeiro curso ofrecerase esta opción tamén a aqueles alumnos e alumnas aos que o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte lles denegue a concesión da bolsa de estudos, xa que no curso actual en canto esta se resolve negativamente, o alumnado ten que facer un pagamento único.

Norma de desistencia

Outro elemento que Xosé Luís Armesto destacou é a chamada norma de desistencia, que a Universidade da Coruña redactará para impedir que se penalice académicamente ao alumnado que ten que abandonar os seus estudos. Deste xeito, se no futuro decide retomalos terá un expediente limpo en que non constarán as materias como non presentadas. Por último, estableceranse axudas para o desprazamento do alumnado co fin de realizar as prácticas curriculares obrigatorias. Esta partida establecerá uns parámetros espaciais con que cuantificar as axudas que percibirá cada estudante.

Reorganización de recursos

A creación deste fondo social de 115.000 euros non supón incremento do orzamento da Universidade da Coruña, cifrado en 119,6 millóns de euros este ano (un 3% menos que en 2012). É o resultado da reorganización doutras partidas e axudas existentes para lle dar prioridade a este novo programa que facilita o acceso en igualdade de oportunidades ao alumnado e a consecución dun título universitario, toda vez que para o vindeiro curso se endurecen os requisitos académicos para optar a bolsas de estudo do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Á convocatoria de axudas ao estudiantado en situación económica sobrevida, que publicou a Universidade da Coruña por primeira vez o pasado mes de maio, presentáronse 29 solicitudes, das cales 19 foron resoltas favorablemente, mentres que o resto incumpriu os requisitos. O número de alumnos que non pagaron a matrícula o ano pasado foi de 79 e, segundo as estimacións actuais, este curso a cifra pode duplicarse.

A Universidade da Coruña destina en total a axudas ao estudiantado 1,5 millóns de euros do seu orzamento anual, como lembraba Armesto, quen incidiu en que “o acceso ao ensino e tamén ao ensino superior é un dereito fundamental”. Neste sentido, o reitor lembrou que a segregación das universidades fixo moito por democratizar o acceso á educación superior, xa que se eliminaron as dificultades de afastamento xeográfico. “Agora, xa resolto o tema da manutención, queda por solucionar o da matrícula”, sinalou Armesto, para lembrar que a caída do financiamento vai en contra da igualdade de oportunidades e tamén está a afectar de forma determinante á investigación e, por tanto, ao desenvolvemento de Galicia. “Sen investigación non hai innovación e sen I+D+i non hai crecemento”, acabou sentenciando Armesto.

Editorial P2

Xosé Luís Armesto
Araceli Torres Miño

Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Reportaxe P4-8

Muller e universidades

U + Centros P9

Novos decanos

U + Transferencia P10

Bertha Guijarro

U + Empresa P11

Abeconsa

U + Entrevista P12

María Jesús Freire

U + Estudantado P13

Fondo Social UDC


U + Profesionais P14

Marta Bobo

U + Actualidade P15

U + Excelencia P16

Luis Fernández Rodríguez



Marta Bobo

EX XIMNASTA E PROFESORA DA FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA

“O éxito do INEF é que a xente da alta competición entendeu o mundo universitario”

Vostede é un dos grandes nomes do deporte español. Como comezou a súa carreira?

Eu son unha rapaza ourensá dunha familia numerosa de cinco irmás. Comecei coa ximnasia de forma casual grazas a un curso organizado polo Nadal, despois empecei nunha escola e aos 12 anos fun seleccionada para marchar a Madrid. A miña vida mudou totalmente, nunha cidade grande, con moita morriña e cando o deporte non estaba aínda profesionalizado. Eu era amateur cunha bolsa de 5.000 pesetas ao mes para pagar todo. En 1981 fun de suplente a un campionato do mundo en Múnic e finalmente fun a única española na final. Despois todos os ollos se pusaron en min, o que foi un orgullo mais tamén unha responsabilidade porque cheguei a ser a primeira ximnasta do bloque occidental. Foron anos dunhas experiencias moi intensas e unha grande aprendizaxe.

Mudou moito o mundo da alta competición nestas décadas?

Hoxe as cousas son moi diferentes. As ximnastas son semiprofesionais, cun soldo e todos os recursos á súa disposición, desde fisioterapeutas ata persoal médico ou profesorado. No eido técnico tamén houbo unha evolución tremenda, pois hoxe existe mellor preparación física e a vida das ximnastas prolóngase moitísimo. Antes con 18 anos xa pensabas no retiro e agora temos mulleres competindo con 28 anos. Iso é bonito, porque ves exercicios máis maduros e arriscados, con máis presenza e control do corpo.

Como muller e deportista, cal é a súa valoración da situación do colectivo feminino neste mundo?

Aínda que houbo moitos avances seguimos baixo o teito de cristal. Hai un problema de conciencia social tremendo e as condicións seguen a ser inferiores, sobre todo na dirección e na xestión. Na práctica deportiva seguimos repetindo estereotipos: as nenas van a danza e os nenos a fútbol, e mudar eses roles é moi difícil. Temos que loitar porque unha muller teña as mesmas oportunidades para ser deportista de elite,

xestora, adestradora ou membro do comité olímpico.

A maioría dos deportistas lembran os xogos olímpicos como un dos episodios máis intensos da súa vida. Como lembra o seu paso polos Ánxeles?

É inesquecible. Incluso deportistas profesionais que gañan moitos torneos, como Rafa Nadal, din que é unha experiencia totalmente distinta. Son momentos emocionalmente moi intensos: compartir experiencias con deportistas de todo o mundo e todas as disciplinas, mesmo almorzar con Carl Lewis na vila olímpica e, sobre todo, dar a volta ao estadio nas cerimonias creo que é como un premio á vida deportiva, é indescribible. Para min foi como estar nas nubes durante vinte días, aínda que acabou todo con certo amargor porque non puíden facer os exercicios como os tiña preparados por culpa do aire acondicionado. Finalmente, puíden remontar e quedei en novena posición, mais tiven a sensación de que me roubaran o título.

Ten algún reto ou soño que non conseguiu na súa vida profesional?

Penso que a ximnasia me devolveu moito como profesional e como persoa. Despois da elite profesional comecei como adestradora e dirixín a selección de Canadá. Cheguei a ser a xuíza internacional ao máis alto nivel e desenvolvo proxectos solidarios coa Federación Internacional de Ximnasia e o COI. O último foi unha viaxe a África para desenvolver un programa de ximnasia rítmica e podo dicir que foi unha das experiencias máis ricas que me devolveu a ximnasia. Volvín tocada.

Por que marchou a Canadá?

Mandáronme a facer unha exhibición un mes e quedei cinco anos. Alí desenvolvín a miña carreira como adestradora e estudei na Universidade de Toronto. Acadei unha formación exquisita e unha inmersión profunda no inglés, ademais de coñecer outra cultura e grandes amizades que conservo.

Á súa volta a Galicia deu o salto á docencia universitaria. Descubriu unha nova vocación?

Sempre me gustou ensinar. É moi gratificante. Na Universidade comecei por casualidade. Cando marchaba de volta a Canadá chamáronme do INEF para un cuatrimestre e xa levo máis de vinte. Foron anos moi intensos. Todo o grupo de profesores, moitos ex deportistas de elite e adestradores, fixemos do INEF a nosa casa e evolucionamos moito tras integrámonos na UDC. A facultade hoxe está moi recoñecida a nivel nacional e internacional e o centro está moi vivo. Estamos moi orgullosos de pertencer á Universidade da Coruña e á vez estar abertos á sociedade. Coido que este centro tivo o acerto de atraer xente vinculada ao deporte de elite permitindo que se formara paralelamente como persoal docente e investigador. É imprescindible combinar ambos os mundos e a xente que viña do mundo do deporte de elite entendeu. Entendeu o mundo universitario. Con respecto ao alumnado, A Coruña é sempre a primeira opción, xa que estamos entre as cinco primeiras facultades de España, o que para nos é un orgullo.

Cales son as aptitudes que debe reunir un estudante que queira optar por esta titulación?

A principal é a vocación. Eu quero calidade para que o noso alumnado sexa o mellor de Europa, e para iso hai que ter a vocación que leva ao esforzo, o compromiso e a querer ser o mellor.

Cal é o momento máis especial que conserva da súa traxectoria como docente?

Hai moitos. As túas primeiras clases, o momento en que les a túa tese de doutoramento... Pero quizais o máis especial é cando remato unha clase realmente contenta. Cando me cambia o ánimo e saio realmente satisfeita. Iso ten que ser o mellor, se non é así... a outra cousa.



Asinado o protocolo que da luz verde á primeira residencia universitaria en Ferrol

O reitor, Xosé Luis Armesto; o alcalde de Ferrol, José Manuel Rey, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, asinaron o protocolo polo que a Universidade da Coruña disporá da súa primeira residencia universitaria en Ferrol para o vindeiro curso. O acto, que tivo lugar no Concello de Ferrol, contou coa presenza tamén da vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Araceli Torres.

O protocolo contempla a cesión provisional do centro de menores Soutomaior que, tras as obras de reforma e acondicionamento necesarias, abrirase o vindeiro curso aos estudantes a prezos públicos, segundo avanzou o reitor, que coincidiu co alcalde e as conselleiras en valorar este protocolo como unha “boa noticia” para a universidade e para a cidadanía de Ferrol. “Dispoñer de residencia universitaria a prezos públicos é unha demanda

histórica da Universidade na Coruña e entendemos que vai redundar no ben da propia universidade e da cidade de Ferrol, cun campus que conta con varias titulacións únicas no Sistema Universitario Galego”, manifestou o reitor.

Armesto agradeceu a implicación tanto do Concello de Ferrol como das consellerías para a consecución deste acordo que contempla, ademais, a cesión dun espazo de 59.000 metros cadrados no solo da parcela que ocupa o hospital Novoa Santos para a reorganización do campus universitario ferrolán. Pola súa parte, José Manuel Rey manifestou que este protocolo “acaba con quince anos de plans e proxectos para conseguir unha residencia universitaria na cidade” e a conselleira de Traballo e Benestar definiu o convenio como “o compromiso das institucións implicadas na busca da eficiencia cos recursos dos que dispoñemos”. Finalmente, a conselleira de Sanidade manifestou que o sistema sanitario, tendo como principal obxectivo prestar asistencia sanitaria, tiña tamén entre as súas funcións colaborar na docencia e na investigación, polo que a cesión do espazo no hospital Novoa Santos para estes fins seguía esta liña de colaboración coas universidades.

O reitor fai balance do seu primeiro ano a fronte da Universidade da Coruña

O reitor da Universidade da Coruña, Xosé Luis Armesto, presentou na última sesión do Claustro o informe de xestión correspondente ao exercicio de 2012, en que fixo balance do seu primeiro ano como máximo responsable desta institución. Referiuse, en primeiro lugar, ao descenso do orzamento da UDC, que baixou en 2012 a un nivel inferior ao de 2008, o que se traduciu nun retroceso económico de 14,6 millóns de euros nos últimos dous exercicios. Ante este escenario, o esforzo do equipo de Armesto centrouse en prestar atención prioritaria ao alumnado e á cualificación e mantemento do persoal, xa que “o noso principal activo é o talento das persoas que traballan na universidade”.

Neste sentido, o reitor lembrou que os recursos se concentraron en enfrontar o impacto de medidas das administracións públicas como a suba de taxas e suavizar os efectos da redución de recursos tanto no eido do persoal docente e investigador como no de administración e servizos, convocando novas prazas e mantendo as existentes. Aínda así, Armesto indicaba que “a mellora cualitativa do noso cadro de persoal estase vendo atrancada xa por novas disposicións estatais e autonómicas”, que “minguan seriamente a capacidade das universidades para exercer a súa autonomía”.

REPUNTE DA INVESTIGACIÓN

Por outra banda, o reitor destacou a repunta na captación de recursos para investigación de 2,6 millóns de euros, logo da brusca caída de 2011. Concretamente, Armesto alertou de que “estamos diante dun indicador obviamente positivo, mais debémolo interpretar con prudencia, pois estamos vendo como seguen a caer, en exercicios sucesivos, os recursos públicos para proxectos competitivos”. De feito, a Confederación de Sociedades Científicas de España estima que nos últimos catro anos o financiamento da I+D caeu un 31% e segue no aire a convocatoria do plan nacional para este ano. Ademais, España xa non ocupa a novena posición na clasificación mundial por publicacións científicas, posto que ocupa agora India, sen descartar novos retrocesos.

O reitor avanzou tamén que contra fin de ano se creará a Escola Internacional de Doutoramento da UDC, que asumirá a organización, supervisión e seguimento de todas as actividades propias destes estudos, co fin de axilizar a xestión e potenciar a

formación investigadora. Cómpre indicar neste sentido que no ano 2012 se incrementou case nun 25% o número de teses lidas nos centros da UDC.


AVANCE DA INTERNACIONALIZACIÓN

A internacionalización foi outro dos eidos destacados por Armesto, quen puxo de manifesto o incremento e a mellora da mobilidade do estudantado, profesorado e persoal de administración e servizos. Citou iniciativas como a participación no programa “Ciencia sen fronteiras”, que trouxo 50 alumnos e alumnas brasileiros, e mais a activación do programa de docencia en inglés, unha acción fundamental para captar máis estudantes foráneos, ao tempo que o alumnado mellora as súas propias opcións de mobilidade.

En definitiva, o reitor da UDC salientou que fronte aos recortes que condicionaron gravemente a capacidade de actuación e a autonomía da Universidade, esta optou por centrarse na defensa do talento, que é o seu grande activo, e en protexer o dereito ao acceso aos estudos superiores. “Non nos apartamos un chisco do noso compromiso coa mellora da calidade en todos os ámbitos, co fomento da investigación e coa promoción da internacionalización”, sinalou Armesto, para remarcar o seu “compromiso co modelo de universidade pública de calidade que defendemos e queremos para a Universidade da Coruña”.

DEBATE

Logo da intervención do reitor produciuse un intenso debate que transcendeu o tema do informe de xestión, xa que por momentos foi máis unha reflexión entre os propios claustrais sobre a situación universitaria en xeral ao abranguer temas como o financiamento, a produción investigadora ou as residencias universitarias da Coruña e Ferrol. A sesión rematou co debate do documento “Misión, visión e valores do Plan estratéxico 2013-2020”, que avanza as liñas estratéxicas polas que irá a Universidade da Coruña nos próximos anos. Algúns dos seus puntos centrais son a apertura á sociedade, a vontade de colaboración con todas as entidades públicas e privadas, a implicación na empregabilidade do estudantado, a aposta pola internacionalización e a eficiencia na xestión de recursos.



Luís Fernández

REPRESENTANTE DA UDC E DIRECTOR DA ÁREA DE TRANSFERENCIA DO CAMPUS DO MAR

“O noso obxectivo é formar desde Galicia os mellores profesionais e investigadores a nivel internacional”

Na presentación do Campus indicase que é unha invitación á humanidade a coñecer o mar. E que mellor lugar que Galicia para facelo...

Non hai máis que facer unha lectura rápida do proxecto que se presentou ao Ministerio de Educación co fin de conseguir o estatus actual de Campus de Excelencia Internacional para darse conta diso. E non só polas impactantes cifras sobre o potencial docente e investigador das súas institucións promotoras, senón tamén pola extensión da zona costeira e a súa privilexiada localización xeográfica, que lle achega unha gran riqueza biolóxica e un gran potencial loxístico, ademais da importancia socio-económica do sector produtivo do ámbito mariño en Galicia.

O recoñecemento do Campus do Mar como campus de excelencia internacional en 2010 situou Galicia no epicentro dos estudos universitarios sobre este eido en Europa. Como valora estes dous anos de andadura?

Á marxe de valoracións persoais existen criterios obxectivos que constatan o bo desenvolvemento do proxecto. Cómpre dicir que o Campus do Mar superou unha avaliación externa internacional coa máxima cualificación. Por outra banda, o seu financiamento baséase principalmente nun préstamo que debe ser devolto ao Ministerio de Educación, mais nestes primeiros anos de desenvolvemento, en condicións económicas pouco favorables, xa se xeraron 2,1 euros de ingresos por cada euro investido. Ademais, este campus coordina a Rede de Campus de Excelencia Internacional de Ámbito Mariño de España, o cal constitúe unha proba máis da situación punteira de Galicia. Levamos máis de dous anos de traballo intenso e complexo, aínda que certamente gratificante.

Atraer o talento, conectar coa sociedade e promover a excelencia son os seus principais retos. Son retos moi ambiciosos, sobre todo nestes tempos de crise.

Desde logo, pero creo que é bo transmitir que cando se cre nun proxecto e se calibran ben as dificultades, e nun escenario de gran complexidade abórdanse todas as iniciativas posibles con transparencia e

respecto á diversidade de ideas, é máis probable o éxito. Na miña opinión, unha das claves da boa marcha do Campus do Mar é o alto grao de complicidade do equipo de dirección e a súa convicción de que se trata dun proxecto común ao mesmo nivel entre as súas institucións promotoras. Coido sinceramente que se veu traballando sen prexuízo ningún para maximizar as sinerxias das distintas institucións e desenvolver as iniciativas dirixidas a potenciar tanto a atracción de talento como a conexión coa sociedade e a excelencia docente e investigadora.

En que consiste a participación da UDC no Campus do Mar?

A UDC é un dos socios fundadores do Campus do Mar máis proactivos, e creo que esta participación irá incrementándose cando o campus acadade entidade xurídica propia. A participación concreta abrangue desde a integración en proxectos conxuntos, que permitiu conseguir financiamento europeo, ata estadias en centros de investigación estranxeiros e actividades de formación de diversa natureza, como os cursos avanzados do programa de doutoramento DOMAR ou as iniciativas do programa “Emprendermar” como os relatorios impartidos por expertos de prestixio internacional e a edición Campus do Mar do curso de emprendemento da Escola de Emprendedores, coorganizado co Consello Social da Universidade da Coruña, a Fundación Ronsel e a Asociación Galega da Empresa Familiar.

Tamén destaca a colaboración institucional entre universidades, o CSIC e o Instituto de Oceanografía. Pensa que esta fórmula foi clave para aproveitar ao máximo o potencial deste campus?

Un dos motivos do éxito acadado é a unión das institucións que conforman o campus, propiciando o interese a nivel internacional para a colaboración docente e investigador ou o financiamento externo acadado. Alén da petición de sinatura de convenios con 52 institucións, o Campus do Mar recibiu a visita de universidades, gobernos e centros de investigación de diversos países e xa desenvolveu proxectos conxuntos no eido

docente e en I+D+i tanto dentro de Galicia como a nivel europeo, caso do proxecto COFUND para o reforzo dos grupos de investigación ou a plataforma de emprego “Mar-Job”.

Ademais naceu con vocación transfronteiriza, integrando Portugal nas unidades de investigación, docencia e transferencia de tecnoloxía.

Isto fainos máis fortes porque os nosos socios portugueses teñen institucións de gran prestixio internacional. A integración estase a realizar de forma progresiva para solucionar os aspectos administrativos.

Cal é a oferta formativa do Campus do Mar?

O principal activo é o seu Programa de Doutoramento en Ciencia, Tecnoloxía e Xestión do Mar (Do*Mar), iniciado no curso 2012-13. Aspiramos tamén a crear unha escola internacional de posgrao de excelencia internacional cunha oferta global e planificación plurianual, de carácter internacional e transfronteirizo. O noso obxectivo é formar os mellores profesionais e investigadores europeos no ámbito das ciencias, tecnoloxías e xestión do mar nas súas diferentes aplicacións económicas e sociais. Ademais, estanse implementando actividades de formación en aspectos da ciencia e a transferencia do coñecemento que demanda a sociedade a través de ciclos de conferencias, obradoiros e cursos.

No que respecta á investigación organizase en clústers. Cales son as liñas principais de traballo?

O obxectivo é dar resposta aos grandes retos que se formula a sociedade na comprensión do funcionamento dos océanos e a xestión sustentable dos seus recursos abordando os grandes temas actuais da investigación mariña desde un punto de vista interdisciplinar e interinstitucional. Os clústeres engloban como áreas temáticas desde a observación do océano ata o uso sustentable dos recursos, a xestión da zona costeira ou o progreso tecnolóxico e a xestión empresarial. Ademais, están abríndose novas liñas emerxentes vinculadas á vangarda da ciencia e a tecnoloxía do mar.

Cales son os principais retos do Campus do Mar no eido da investigación e a transferencia?

Acadar visibilidade, credibilidade e excelencia internacional, poñendo en valor a súa masa crítica e a súa multidisciplinidade en I+D+i. O Campus do Mar pretende conseguir a excelencia en investigación mariña a través do incremento do número de artigos SCI, da participación e a xeración de proxectos, redes e convenios internacionais de cooperación para a I+D, para situar o Campus do Mar como un referente europeo na investigación. Canto á transferencia, pretendemos fortalecer a interacción coas necesidades e os desafíos dos axentes económicos e sociais, satisfacendo a demanda tecnolóxica actual e futura nos sectores públicos a nivel local, mais tamén nacional e internacional.